

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correio do Vento

actividades

ELISA PATIÑO

(Pontevedra 1890 - Pontevedra 1919)

Foi unha aviadora galega, a primeira muller en pilotar un avión en Galicia.

O día 12 de outubro de 1913 na praia de Baltar, en Portonovo, despega co seu aeroplano deixando entusiasmada a toda a poboación.

Era coñecida polo alcume de "Chichana", sendo unha muller valente que posuía unha formación multidisciplinar; tocaba o piano e o violín, cantaba, pintaba e facía interpretacións teatrais. Chichana era alegre, deportista (tiraba ao arco) e estaba sempre comprometida para axudar organizando doazóns ou facendo campañas en favor dos feridos da primeira guerra mundial que desembarcaban do porto de Vilagarcía.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Elisa Patiño (Chichana) foi a pioneira da aviación en Galicia, pero hai outras mulleres que destacaron no sector aeronáutico.

MULLERES GALEGAS

investiga

Atopa información na rede das seguintes mulleres.

Raymonde de Laroche.
María Bernaldo de Quirós.
Amelia Earhart.
Bettina Kadner.

Estas mulleres tiveron que vencer moitos prexuízos polo feito de ser as primeiras en facer un traballo diferente, e grazas a elas moitas mulleres teñen traballos relacionados coa aviación.


Busca na rede ou nas fichas de **Aprende coas Mulleres Galegas** quen foron as seguintes pioneiras noutros campos:

A primeira xinecóloga de Galicia.
A primeira astrónoma de Galicia.
A primeira española en ter unha beca Fulbright.
A primeira científica en ir nun buque oceanográfico da armada inglesa.
A primeira homenaxeada co Día das Letras Galegas.



Colorea esta aviadora
que suca o ceo
e completa o debuxo
engadindo
o que ti queiras.

MULLERES GALEGAS colorea

GOBIERNO
DE ESPAÑAMINISTERIO
DE IGUALDADPacto de Estado
contra la violencia de género

XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

A día de hoxe no sector da aviación aínda hai determinadas profesións nas que hai un menor número de mulleres que homes.

MULLERES GALEGAS

profesión

A continuación achegamos información sobre estas cuestións para que, se che gusta, poidas escoller no futuro.

Na universidade, as alumnas que escollen enxeñaría aeronáutica son o 30% do total de persoas matriculadas. As pilotos de avión supoñen só o 5% do total a nivel mundial.

O país no que hai máis mulleres pilotos é a India, onde hai un 13%.

Outras profesións nas que hai un menor número de mulleres que de homes son as mecánicas de avións, pilotos militares e persoal de mantemento das liñas aéreas.

Anímate, pode ser outra opción para teu futuro laboral!



Moitas veces na historia,
as fazañas feitas
por mulleres non tiveron
o recoñecemento merecido.

MULLERES GALEGAS

anota

Imagina que es unha xornalista e estas xusto ao lado
cando aterra o avión de Elisa Patiño na praia de Baltar.




Pensa que cinco preguntas lle farías e inventa as respuestas
que ela daría. Anota todo na túa libreta de xornalista.
Tamén podes facer unha ilustración da aviadora pontevedresa.

Ordena cronoloxicamente as etapas para que Elisa Patiño sexa a primeira muller aviadora de Galicia.

MULLERES GALEGAS

pionera

- Despega da Praia de Baltar.
- A enxeñeira aeronáutica deseña o avión.
- As obreiras constrúen o avión.
- Elisa Patiño comproba que todo está en orde.
- Elisa Patiño estuda o manexo do avión e fundamentos de aeronáutica.
- O avión pilotado por Chichana comeza a voar.
- As mecánicas comproban que todo está ben.
- Aterra o avión.



Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS soluciona

investiga

A primeira xinecóloga de Galicia. **Olimpia Valencia**.
A primeira astrónoma de Galicia. **Antonia Ferrín**.
A primeira española en ter
unha beca Fulbright. **María Wonenburger**.
Primeira científica en ir nun buque oceanográfico
da armada inglesa. **Ángeles Alvariño**.
Primeira homenaxeada co
Día das Letras Galegas. **Rosalía de Castro**.

pioneras

1. A enxeñeira aeronáutica deseña o avión.
2. Elisa Patiño estuda o manexo do avión
e fundamentos de aeronáutica.
3. As obreiras constrúen o avión.
4. As mecánicas comproban que todo está ben.
5. Elisa Patiño comproba que todo está en orde.
6. Despega da Praia de Baltar.
7. O avión pilotado por Chichana comeza a voar.
8. Aterra o avión.